Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 24/04/2017 17:04:07

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/04/2017 17:04:21

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

4.3 10/PNP-000480 (0005673)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Juan Manuel Díaz Villoslada
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Patricia Vilán Lorenzo

Sobre a aprobación polo Goberno galego dun plan antifraude na contratación pública autonómica

PARLAMENTO DE GALICIA

(0005673) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 5673
Data envío: 24/02/2017 14:25:45.857

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, Juan Manuel Díaz Villoslada, Begoña Rodríguez Rumbo e Patricia Vilán Lorenzo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Con data 15 de febreiro pasado houbo unha resposta da Xunta de Galicia á pregunta con resposta oral en Pleno núm. 902 do Grupo Parlamentario Popular, convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións, sobre "o estado de execución dos obxectivos reflectidos no Plan de mellora da contratación pública".

Nesta resposta afirmase que as medidas incluídas no dito plan están "practicamente finalizadas e se prevé que o seu total desenvolvemento se remate no ano 2017".

O eixo 5 deste plan recolle medidas específicas que pretenden impulsar a transparencia, a avaliación de resultados, a estandarización de procedementos e a adopción de boas prácticas no eido da contratación pública. Estas medidas refírense a un sistema de avaliación do seguimento das guías, a elaboración de modelos de pregos, instrucións para as boas prácticas na contratación de servizos ou un novo decreto do Rexistro de Contratos, pero non recolle ningunha medida concreta de loita contra a fraude nas licitacións.

Por iso, en materia de contratación pública cómpre avanzar con máis decisión na adopción de medidas técnicas e legais que, máis alá da necesaria transparencia e regulación de procesos e criterios, loiten e evitan sistemas de fraude na contratación pública.

A Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) calcula que o sobrecusto causado por malas prácticas "anticompetencia" ascende a 40.000 millóns de euros ao ano, un 4,5 % do PIB, porcentaxe que supera incluso a previsión de déficit comprometida por España con Bruxelas para 2015 (4,2 %). Este dato significaría que España podería resolver totalmente os desequilibrios orzamentarios que sangran as contas públicas e que tanto deterioro teñen

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 5673
Data envío: 24/02/2017 14:25:45.857

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

producido nos servizos públicos de benestar. A CNMC valora nun 15 % o peso da contratación pública sobre o PIB.

Sendo, polo tanto, unha prioridade absoluta a loita contra as manipulacións nas licitacións públicas, que inundan medios de comunicacións e xulgados, a CNMC vén de aprobar unha Guía contra a fraude na licitación pública, ofrecendo aos poderes adxudicadores un decálogo de indicios de posible manipulación nas licitacións.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a aprobar un plan antifraude na contratación pública no ámbito do sector público autonómico.

Pazo do Parlamento, 23 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 24/02/2017 10:47:16

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/02/2017 10:47:30

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/02/2017 10:47:34

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/02/2017 10:47:41

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

(0008226) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2017 18:05
Nº Rexistro: 8226
Data envio: 24/04/2017 18:05:26.742

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa do deputado **Paula Prado del Río**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de Lei en Pleno do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, 5673(10/PNP-000480), Sobre a aprobación polo Goberno galego dun plan antifraude na contratación pública autonómica.

Emenda de Substitución:

Débese substituír a parte resolutiva polo que se segue a continuación:

"O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego para que, afondando nas medidas xa aplicadas de mellora da contratación, aprobe un novo plan de medidas para a contratación pública no ámbito do sector público autonómico, que teña en conta a entrada en vigor das novas normas e directivas comunitarias que inciden na contratación, os posicionamentos e estudos da Comisión Europea en materia de competencia e prevención da corrupción e que inclúa medidas de actualización da formación dos empregados públicos nesta materia".

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 24/04/2017 18:01:34

Paula Prado Del Río na data 24/04/2017 18:01:47

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

4.4 10/PNP-000548 (0006310)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María Luisa Pierres López
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Patricia Vilán Lorenzo
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Juan Manuel Díaz Villoslada

Sobre a realización polo Goberno galego dun informe do estado de cumprimento da normativa autonómica en materia de igualdade establecida no artigo 67 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, nos organismos autónomos, nas sociedades públicas, nas fundacións do sector público galego, nas entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Comunidade Autónoma e nos organismos con dotación diferenciada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma

PARLAMENTO DE GALICIA

(0006310) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2017 12:56
Nº Rexistro: 6310
Data envío: 08/03/2017 12:56:54.764

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo** e **Juan Manuel Díaz Villoslada,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

O dereito fundamental da igualdade de mulleres e de homes constitúe un valor fundamental para a democracia e é una necesidade esencial nunha sociedade democrática moderna que desexa erradicar o sistema patriarcal androcéntrico e sexista.

A fin de que se cumpra plenamente este dereito, non solo ten que recoñecerse legalmente, senón que debe exercerse de forma efectiva implicando todos os aspectos da vida: políticos, económicos, sociais e culturais.

Tal e como recolle o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de igualdade no seu artigo 67, "*os plans de igualdade serán obrigatorios para a Administración autonómica, os seus organismos autónomos, as sociedades públicas, as sociedades públicas, as fundacións do sector público autonómico, as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Comunidade Autónoma e os organismos con dotación diferenciada nos orzamentos da Comunidade Autónoma que, ao careceren de personalidade xurídica, non estean formalmente integrados na Administración da Comunidade Autónoma".*

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que realice nos próximos dous meses un informe que recolla o cumprimento do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2017 12:56
Nº Rexistro: 6310
Data envío: 08/03/2017 12:56:54.764

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia no seu art. 67 en todas en cada unha dos os organismos autónomos, as sociedades públicas, as sociedades públicas, as fundacións do sector público autonómico, as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Comunidade Autónoma e os organismos con dotación diferenciada nos orzamentos da Comunidade Autónoma.

Pazo do Parlamento, 8 de marzo de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
Patricia Vilán Lorenzo
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 08/03/2017 10:49:07

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/03/2017 10:49:13

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/03/2017 10:49:18

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/03/2017 10:49:20

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/03/2017 10:49:26

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

(0008209) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2017 16:58
Nº Rexistro: 8209
Data envio: 24/04/2017 16:58:46.581

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei**, doc. núm. **6310**, **[10/PNP-000548]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 25 de abril de 2017.

Emenda de adición:

Proponse engadir un novo punto na parte resolutiva co seguinte texto:

"2. O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a elaborar un estudo cualitativo en colaboración cos grupos parlamentares do Parlamento de Galiza e participado por axentes sociais, sindicais e organizacións e colectivos feministas, sobre o impacto, grao de cumprimento e vixencia do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro para avaliar a necesidade da elaboración dunha nova lei ou da modificación dalgún dos seus apartados".

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2017.

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Deputada do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2017 16:58
Nº Rexistro: 8209
Data envio: 24/04/2017 16:58:46.581

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 24/04/2017 16:58:23

Ana Pontón Mondelo na data 24/04/2017 16:58:28

PARLAMENTO DE GALICIA

(0008227) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2017 18:05
Nº Rexistro: 8227
Data envio: 24/04/2017 18:05:41.773

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa da deputada **María Ángeles García Míguez**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de Lei en Pleno dos Socialistas de Galicia, 6310 (10/PNP-000548), Sobre a realización polo Goberno galego dun informe do estado de cumprimento da normativa autonómica en materia de igualdade establecida no artigo 67 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, nos organismos autónomos, nas sociedades públicas, nas fundacións do sector público galego, nas entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Comunidade Autónoma e nos organismos con dotación diferenciada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

Emenda de substitución.

Débese substituír a parte resolutiva polo que se segue a continuación:

"O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a que elabore o Plan para a igualdade entre mulleres e homes da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico. Dito plan establecerá os obxectivos a acadar en materia de promoción da igualdade de trato e de oportunidades no emprego público, así como as estratexias ou medidas a adoptar para a súa consecución".

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 24/04/2017 18:00:20

María Ángeles Garcia Míguez na data 24/04/2017 18:00:34

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

4.5 10/PNP-000561 (0006339)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Martín Fernández Prado
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Manuel Rey Varela
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Miguel Ángel Tellado Filgueira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Diego Calvo Pouso
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jaime Castiñeira Broz
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Gonzalo Trenor López
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Antonio Mouriño Villar
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Nóvoa Iglesias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Julia Rodríguez Barreira

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do impulso da modernización da conexión ferroviaria entre A Coruña e Ferrol, así como dunha planificación estratéxica ao respecto

PARLAMENTO DE GALICIA

(0006339) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2017 16:30
Nº Rexistro: 6339
Data envio: 08/03/2017 14:35:52.279

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa das deputadas e dos deputados, **Martín Fernández Prado, Jose Manuel Rey Varela, Miguel Tellado Filgueira, Diego Calvo Pouso, Jaime Castiñeira Broz, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Gonzalo Trenor López, Antonio Mouriño Villar, Marta Novoa Iglesias e Julia Rodríguez Barreira,** ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Durante os últimos anos, a Xunta de Galicia vén traballando intensamente co Goberno central, administración responsable dos servizos ferroviarios, na mellora do transporte por ferrocarril en Galicia.

Froito deste traballo acadouse un profundo proceso de renovación e modernización de liñas e servizos que se está a levar a cabo na nosa comunidade, mellorando a mobilidade e os servizos que se prestan aos milleiros de galegos que cada día optan por este medio de transporte.

Desta transformación, o exemplo máis destacado é o Eixe Atlántico Ferroviario que, dende a súa posta en servizo, está funcionando con grande éxito e cunha extraordinaria acollida por parte dos cidadáns. Aínda que tamén é grande o esforzo feito na conexión en Alta Velocidade entre Galicia e a Meseta.

Recentemente, o Parlamento Galego aprobou unha inicativa de mellora dos servizos ferroviarios entre Lugo e Ourense a través de Monforte.

Nesa mesma liña, os deputados asinantes queremos trasladar a necesidade de modernizar a conexión ferroviaria entre A Coruña e Ferrol, de tal xeito que non só permita conectar a cidade departamental dun xeito rápido e moderno co Eixe Atlántico Ferroviario e co AVE á Meseta, senón que se converta nun importante elemento estruturador metropolitano, mellorando o transporte de cercanías das Comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

Na procura da viabilidade desta actuación, semella aconsellable traballar na modernización desta conexión dun xeito que poida ser abordado por fases sucesivas cuxa posta en funcionamento progresiva xa permita mellorar os tempos de percorrido entre as dúas cidades.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2017 16:30
Nº Rexistro: 6339
Data envio: 08/03/2017 14:35:52.279

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Por todo o anterior os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Proposición non de Lei en Pleno.

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Demandar ao Goberno do Estado a necesidade de impulsar a modernización da conexión ferroviaria entre A Coruña e Ferrol para que os cidadáns se poidan beneficiar de mellores prestacións e de servizos máis útiles, eficientes e competitivos.

2. Solicitar ao Ministerio de Fomento unha planificación estratéxica para avanzar neste obxectivo de modo firme e constante, establecendo fases sucesivas para o desenvolvemento das actuacións de tal xeito que a súa progresiva posta en servizo permita ir acurtando os tempos de percorrido".

Santiago de Compostela, 08 de marzo de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 08/03/2017 14:32:06

Martín Fernández Prado na data 08/03/2017 14:32:32

José Manuel Rey Varela na data 08/03/2017 14:32:46

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2017 16:30
Nº Rexistro: 6339
Data envío: 08/03/2017 14:35:52.279

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 08/03/2017 14:32:56

Diego Calvo Pouso na data 08/03/2017 14:33:08

Jaime Castiñeira Broz na data 08/03/2017 14:33:22

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 08/03/2017 14:33:30

Gonzalo Trenor López na data 08/03/2017 14:33:55

Antonio Mouriño Villar na data 08/03/2017 14:34:23

Marta Novoa Iglesias na data 08/03/2017 14:34:46

María Julia Rodriguez Barreira na data 08/03/2017 14:35:01

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA

(0008215) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2017 17:17
Nº Rexistro: 8215
Data envio: 24/04/2017 17:17:46.940

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa do seu deputado e voceiro suplente **Antón Sánchez García,** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda de substitución** á **Proposición non de lei do G. P. Popular número 6339 (10/PNP 000561)**, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do impulso da modernización da conexión ferroviaria entre A Coruña e Ferrol, así como dunha planificación estratéxica ao respecto, incluída na orde do dia da sesión plenaria dos días 25 e 26 de abril de 2017.

Emenda de substitución.

Débese substituir a parte resolutiva pola seguinte:

" O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que esixa do Goberno do Estado:

1) A inmediata elaboración dun proxecto, para a implantación de servizo ferroviario de cercanías na liña A Coruña-Ferrol, que inclúa o cronograma de actuacións e os orzamentos necesarios para implementar os investimentos necesarios.
2) A transferencia a Galiza das competencias en materia ferroviaria."

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García,

Voceiro Suplente do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2017 17:17
Nº Rexistro: 8215
Data envío: 24/04/2017 17:17:46.940

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 24/04/2017 17:17:20

PARLAMENTO DE GALICIA

(0008225) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2017 17:58
Nº Rexistro: 8225
Data envío: 24/04/2017 17:58:40.424

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do impulso da modernización da conexión ferroviaria entre A Coruña e Ferrol, así como dunha planificación estratéxica ao respecto (doc. núm. 6339).

Emenda de adición

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo punto 3, que terá o seguinte contido:

3. Demandar do Goberno de España a utilización dos mecanismos orzamentarios e administrativos axeitados, para garantir que a finais do 2017 estea concluído o estudo de mellora da liña ferroviaria Ferrol – A Coruña, e iniciados os tramites para a súa execución.

Pazo do Parlamento, 24 de abril de 2017

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 24/04/2017 17:57:06

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/04/2017 17:57:22

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

(0008228) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2017 18:29
Nº Rexistro: 8228
Data envio: 24/04/2017 18:29:35.941

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei**, doc. núm. **6339**, **[10/PNP-000561]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do impulso da modernización da conexión ferroviaria entre A Coruña e Ferrol, así como dunha planificación estratéxica ao respecto, que figura na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 25 de abril de 2017.

Emenda de substitución:

Proponse substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

"O Parlamento de Galiza acorda como resolución instar a Xunta de Galiza a que se dirixa ao Congreso dos Deputados para reclamar, significativmente, a parlamentares eleitos por circunscricións galegas no Congreso demandar partida orzamentaria para este 2017 para a modernización da conexión A Coruña Ferrol e no caso de non incluírse votar en contra dos Orzamentos 2017."

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2017.

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
Deputado do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2017 18:29
Nº Rexistro: 8228
Data envio: 24/04/2017 18:29:35.941

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/04/2017 18:29:14

Ana Pontón Mondelo na data 24/04/2017 18:29:19

PARLAMENTO
DE GALICIA

4.6 10/PNP-000634 (0007081)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Belén Pontón Mondelo
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Luis Rivas Cruz
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa Orde do 14 de marzo de 2017 pola que se ditan as normas para a aplicación do réxime de concertos educativos con centros docentes privados para o curso académico 2017-2018 e seguintes

PARLAMENTO DE GALICIA

(0007081) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2017 12:36
Nº Rexistro: 7081
Data envio: 27/03/2017 12:36:29.388

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as normas de aplicación do réxime de concertos educativos con centros privados e a súa progresiva supresión.

Exposición de motivos

Na Orde do 14 de marzo de 2017 da Xunta de Galiza pola que se ditan as normas para a aplicación do réxime de concertos educativos con centros docentes privados para o curso académico 2017/18 e seguintes o goberno galego modificou os criterios que rexen este procedemento introducindo importantes modificacións ao respeito. Entre estas mudanzas o executivo:

Amplía a vixencia dos concertos até seis anos sosténdose na Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) toda vez que esta norma foi fortemente rexeitada pola comunidade educativa que esixiu en reiteradas ocasións a súa derrogación.Ao tempo que vén de se iniciar un proceso de debate político e social no marco da Subcomisión creada no Senado a prol dun pacto educativo no Estado español.

Muda os motivos polos que un colexio ten preferencia sobre os demais suprimindo a coeducación de entre estes criterios. É dicir, a convivencia entre mulleres e homes; os principios de igualdade do proxecto educativo, así como a non discriminación por razón de sexo. Un feito que atenta contra un principio fundamental

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2017 12:36
Nº Rexistro: 7081
Data envio: 27/03/2017 12:36:29.388

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

recollido mesmo no I Plan para a Igualdade na Educación deseñado e aprobado polo Goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza.

Por todo o exposto formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

-Derrogar a Orde do 14 de marzo de 2017 da Xunta de Galiza pola que se ditan as normas para a aplicación do réxime de concertos educativos con centros docentes privados para o curso académico 2017/18 e seguintes.

-Elaborar unha nova Orde na que se prevexa de maneira progresiva a supresión dos concertos educativos a través da redución do orzamento destinado a estes centros privados.

-Elaboración dun plan de reasentamento do estudantado actualmente matriculado en centros privado-concertados para a súa incorporación progresiva na escola pública."

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Noa Presas Bergantiños
Xosé Luis Rivas Cruz
Montserrat Prado Cores

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2017 12:36
Nº Rexistro: 7081
Data envío: 27/03/2017 12:36:29.388

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 27/03/2017 12:34:53

Noa Presas Bergantiños na data 27/03/2017 12:35:29

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/03/2017 12:35:33

María Montserrat Prado Cores na data 27/03/2017 12:35:36

Xosé Luis Bará Torres na data 27/03/2017 12:35:38

Ana Pontón Mondelo na data 27/03/2017 12:35:42

PARLAMENTO DE GALICIA

(0008219) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2017 17:28
Nº Rexistro: 8219
Data envio: 24/04/2017 17:28:22.135

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar acabo o Goberno galego en relación coa Orde do 14 de marzo de 2017 pola que se ditan as normas para a aplicación do réxime de concertos educativos con centros docentes privados para o curso académico 2017-2018 e seguintes (doc. 7081).

Emenda de modificación

Os parágrafos segundo e terceiro da parte resolutiva da iniciativa débense substituír polo seguinte contido:

- Elaborar un estudio de necesidades no que se analicen todos os aspectos dunha progresiva redución dos concertos educativos, nomeadamente a necesidade de construción de novos centros, así como a situación laboral futura do profesorado que imparte docencia nos centros actualmente concertados.

Pazo do Parlamento, 24 de abril de 2017

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 24/04/2017 16:49:41

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/04/2017 16:49:58

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

4.8 10/PNP-000664 (0007366)

Grupo Parlamentario de En Marea - Luca Chao Pérez
Grupo Parlamentario de En Marea - María de los Ángeles Cuña Bóveda

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa recuperación dos dereitos laborais do persoal docente

PARLAMENTO DE GALICIA

(0007366) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2017 13:57
Nº Rexistro: 7366
Data envio: 30/03/2017 13:57:00.420

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a recuperación dos dereitos laborais do persoal docente.

Mentres o Goberno galego teima na suposta recuperación económica o certo é que as e os docentes de Galicia ven lonxe esa recuperación. A crise económica supuxo recortes intensos no ensino público, que afectaron tanto ao alumnado, que está padecendo unha mingua na calidade, ás familias, que tiveron que afrontar novos copagos, e ao profesorado, que acumulou anos de recortes e conxelacións salariais que os levaron a perder, en oito anos, entre un 25% e un 26% de poder adquisitivo.

Dunha banda sumaron o recorte salarial do goberno Zapatero, e doutra, o recorte no complemento específico das pagas extraordinarias do Goberno da Xunta, aplicado dende 2013. Deste xeito, as ensinantes e os ensinantes de Galicia son os únicos de todo o Estado que tampouco cobraron a parte autonómica nas pagas extraordinarias de 2016. Isto supuxo que os docentes galegos perderan desde o ano 2013 unhas cantidades que oscilan entre os 4.663,28 euros para un mestre sen antigüidade e os 8.446,96 euros para unha persoa catedrática con trinta anos de servizo.

O menoscabo de dereitos tamén se produciu no referido á cobertura das baixas laborais. Así, a Lei 12/2014 de Medidas Fiscais e Administrativas, na súa Disposición adicional cuarta sobre incapacidade temporal por enfermidade común ou accidente non laboral para o persoal cun réxime especial de Seguridade Social do mutualismo administrativo, estableceu que:

> "(…) percibirán o 50% das retribucións tanto básicas coma complementarias e a prestación de fillo a cargo, se é o caso, desde o

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2017 13:57
Nº Rexistro: 7366
Data envío: 30/03/2017 13:57:00.420

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

primeiro ao terceiro día da situación de incapacidade temporal, con independencia de que sexa a primeira, segunda ou máis IT dentro do ano natural.

Deste xeito, as retribucións nestes casos redúcense ao quedar calculadas do seguinte modo:

- Desde o 1º día ata o 3º aboarase o 50% das retribucións.
- Desde o 4º día ata o 20º aboarase o 75% das retribucións.
- A partir do 21º aboarase o 100% das retribucións

Pero non soamente falamos de cuestións económicas, as condicións laborais empeoraron en todos os ámbitos. Así, por exemplo, a taxa de interinidade pasou de algo menos do 5%, en 2009, ao 13% en 2017. Menos emprego público, peor pagado e de peor calidade.

E, ao mesmo tempo, a Orde de 23, de xuño de 2011, pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente que imparten as ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, fixo que a xornada lectiva do profesorado aumentara das 21 horas semanais a 25, un aumento que dificulta moito que o profesorado poida atender ao resto das súas obrigas profesionais e que, necesariamente, incide nunha peor calidade educativa.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

- Recuperar o diálogo cos axentes sociais para trazar un plan de recuperación de todos os dereitos laborais do persoal docente.

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2017 13:57
Nº Rexistro: 7366
Data envio: 30/03/2017 13:57:00.420

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

- Garantir a cláusula de revisión salarial para garantir, como mínimo, a suba anual dos salarios do profesorado igual ao IPC.

- Derrogar os cambios impostos pola Lei 12/2014 de xeito que o profesorado perciba o 100% de todas as retribucións desde o primeiro día de incapacidade temporal (IT).

- Derrogar a orde de 23 de xuño de 2011 para recuperar as 21 horas de xornada lectiva.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez,
Ánxeles Cuña Bóveda
Deputadas do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 30/03/2017 13:50:37

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 30/03/2017 13:50:50

Luis Villares Naveira na data 30/03/2017 13:51:10

PARLAMENTO DE GALICIA

(0008214) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2017 17:15
Nº Rexistro: 8214
Data envio: 24/04/2017 17:15:54.735

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei**, doc. núm. **7366**, **[10/PNP-000664]**, do Grupo Parlamentar de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa recuperación dos dereitos laborais do persoal docente, incluída na orde do día da sesión plenaria que se vai celebrar o vindeiro 25 de abril de 2017.

Emenda de adición:

Proponse engadir un novo punto na parte resolutiva co seguinte texto:

"4.- Defender perante o Goberno español a derrogación do Decreto-lei 14/2012 do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo e o Decreto – lei 20/2012 do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade."

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2017.

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Deputada do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2017 17:15
Nº Rexistro: 8214
Data envío: 24/04/2017 17:15:54.735

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 24/04/2017 17:13:49

Ana Pontón Mondelo na data 24/04/2017 17:13:54

PARLAMENTO DE GALICIA

(0008224) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2017 17:58
Nº Rexistro: 8224
Data envio: 24/04/2017 17:58:10.533

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa recuperación dos dereitos laborais do persoal docente (doc. núm. 7366).

Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1ª) Recuperar o diálogo cos axentes sociais para trazar un plan de recuperación de todos os dereitos laborais do persoal docente e do conxunto dos empregados públicos autonómicos.

2ª) Garantir a cláusula de revisión salarial para asegurar, como mínimo, a suba anual dos salarios do profesorado e do conxunto dos empregados públicos autonómicos igual ao IPC.

3ª) Derrogar os cambios impostos pola Lei 12/2014 de xeito que o profesorado e o resto de empregados públicos autonómicos incluídos no réxime especial de Seguridade Social do mutualismo administrativo perciban o 100% de todas as retribucións e prestacións desde o primeiro día de incapacidade temporal (IT).

4ª) Derrogar a Orde do 23 de xuño de 2011, para recuperar as 21 horas de xornada lectiva.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2017 17:58
Nº Rexistro: 8224
Data envío: 24/04/2017 17:58:10.533

PSG PSOE

Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 24 de abril de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 24/04/2017 17:55:05

Partido dos Socialistas de Galicia

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/04/2017 17:55:21

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es